

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seus deputados, José Antonio Sánchez Bugallo e Juan Carlos González Santín, e do deputado-portavoz, José Luis Méndez Romeu, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Sr presidente da Xunta na sesión plenaria do día 10 de xuño, dixo que era un obxectivo do seu Goberno dar unha solución definitiva ao grave problema do drama social ocasionado polos desafuzamentos, por mor de non pagamentos, tanto da hipoteca como da renda.

Cómpre dicir que os compromisos do presidente da Xunta non se ven avalados habitualmente polos feitos, pero dado a gravidade do problema ao que fai referencia queremos crer na sinceridade deste interese manifestado polo presidente da Xunta, que desgraciadamente moi pouco ou nada ten que ver coa política desenvolvida polo Goberno nestes últimos seis anos.

O pasado 18 de xuño, o Parlamento vasco aprobou a Lei 3/2015 do 18 de xuño, de vivenda. Esta lei contén disposicións novidosas nas que por primeira vez cómpre destacar o recoñecemento como dereito subxectivo do dereito á ocupación legal e estable dunha vivenda a favor dos que non dispoñendo dunha vivenda digna e adecuada carecen dos recursos económicos precisos para conseguir unha.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

1º) Presente neste Parlamento, nun prazo máximo de 3 meses, un proxecto de lei no que se recoñeza explicitamente como dereito subxectivo o dereito a unha vivenda digna e axeitada a favor dos que non dispoñan dela e carezan dos recursos económicos precisos para acadar unha.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) No mesmo proxecto de lei se asegure o dereito á vivenda das persoas afectadas por desafiuzamentos, tanto provenientes de execucións hipotecarias como de non pagamentos de rendas cando carezan de recursos económicos para facerlles fronte, co fin de que poidan continuar ocupando a súa vivenda.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 22/06/2015 19:28:18

Juan Carlos González Santín na data 22/06/2015 19:28:26

Jose Luis Méndez Romeu na data 22/06/2015 19:28:39